

Comunicación. A chave do éxito dunha área protexida

Victor A. Fratto

Especialista en Xestión de Espazos Protexidos, Uso Público e Interpretación do Patrimonio

Resumo

Nos espazos protexidos a comunicación dáse a tres niveis: interna ou cos traballadores da área, ex situ ou cos poboadores da área e, por último, in situ cos visitantes que acoden no seu tempo de lecer. Para xestionar unha área é necesario contar cun plano; a comunicación coas distintas ferramentas (as reunións informativas periódicas, programas de educación ambiental, as campañas nos medios de comunicación, a interpretación do patrimonio...) xoga un papel fundamental no manexo do territorio.

Abstract

In protected areas, communication takes place on three levels: internal, with those who work in the area; ex situ, with those who live in the area; and, finally, in situ, with the visitors that come in their free time. To manage an area, it is necessary to develop a plan; communication through the different tools available (regular information sessions, environmental education programmes, advertising campaigns in the media, heritage interpretation, etc.) plays a vital role in the management of the territory.

Palabras chave

interpretación do patrimonio, planificación interpretativa, área protexida, comunicación, educación ambiental

Key-words

protected area, communication, environmental education, heritage interpretation, interpretative planning

Se consideramos como un “éxito” o feito de que un espazo de terra conserve o nome de “Área Protexida” (AP) podemos afirmar que case todas serían exitosa. Mais, en realidade, o éxito está supeditado ao cumprimento dos obxectivos para os que se creou o espazo protexido. Non obstante, cando estes obxectivos non son claros, específicos e están sustentados por un plano de xestión “aplicable”, atopámonos coas chamadas “áreas de papel”, é dicir, que só existen para os papeis. Os diferentes mecanismos de comunicación que analizaremos a continuación non son aplicables a este tipo de espazos naturais inconsistentes.

En ocasións acontece que unha área protexida está ben constituída, os seus obxectivos son claros, cóntase con fondos suficientes e a súa xestión está debidamente planificada, non obstante, custa demasiado acadar o éxito. Nestes casos, deberíamos preguntarnos, como nos estamos a comunicar?.

No ámbito dos espazos protexidos a comunicación dáse en tres niveis, cada un destes coas súas ferramentas específicas de acordo cos actores involucrados. Estes son: comunicación interna, comunicación *ex situ* e comunicación *in situ*.

Comunicación interna

Acada todos os involucrados na xestión administrativa e operativa da área protexida. Polo xeral, a cara visible son os guías e os axentes de conservación (garda-parques, axentes forestais, etc.), mais detrás deles hai unha estrutura sen a que sería imposible levar adiante a área: administrativos, técnicos, persoal de mantemento, profesionais etc.

Antes de tratar en profundidade este tema vexamos un exemplo, un caso real que ilustra as consecuencias dunha mala comunicación interna.

Hai algúns anos un técnico dun parque nacional debía subir a un outeiro para tomar unhas mostras, unha actividade que realizaba periodicamente nun vehículo asignado para este fin. Un día ese vehículo tivo que ir ao taller e o técnico pediu ao mecánico do parque se este podía levalo até o outeiro. O home coñecía moi ben o lugar xa que levaba máis de 30 anos traballando como mecánico do parque e ademais a súa familia era poboadora do lugar antes de que este fose declarado como área protexida. Unha vez de regreso, mentres descendían da montaña, o mecánico observaba a paisaxe a ambos os lados do camiño sen emitir unha soa palabra. Case chegando á base e mirando o bosque dixo: “é increíble como deixaron que este lugar se converta nisto, todo sucio, non se pode crer”. O téc-

nico mirou pola fiestra do vehículo esperando ver residuos dispersos polo bosque, mais non obstante estaba todo moi limpo, así que preguntou “sucidade? Onde?” Ao que o mecánico respondeu: “ aí, fóra, esta todo cuberto de plantas, de árbores. Cando a miña familia tiña gando nestas terras estaba todo limpo, non medraba nin unha planta”. Para este home o bosque nativo que se recuperara a partir da creación do parque era un sinónimo de sucidade.

En 30 anos de servizo a administración do parque non lle explicara a el e a outros tantos traballadores a importancia dese bosque. Si seguramente o fixeran con turistas, mais non coa xente que vivía e traballaba no lugar. Isto é falta de comunicación interna. Sen este tipo de comunicación os esforzos dun sector poden non ser valorados por outro, deixando ao criterio de cada un a valoración que lle dará a determinadas accións detrás do cumprimento dos obxectivos da área.

Así como para un empregado pode resultar irrelevante de onde quitar árbores para a construción dunha ponte, porque descoñece a opinión do técnico forestal, para o técnico pode ser innecesario visitar o taller cada x días porque descoñece o planificado polo mecánico.

Isto non se soluciona enviando memorandos ou colgándoos nunha carteleira, onde cada quen le o que lle interesa. Desde xa, que a comunicación escrita, por cuestións

administrativas debe existir, mais como complemento da comunicación oral, que é a única que permite repreguntar, estenderse un pouco máis, explicar, observar xestos e actitudes. Unha boa solución son reunións informativas periódicas a que asisten todos os involucrados no manexo da área. Estes encontros deberían ser parte dunha planificación de comunicación interna. Neste ámbito, o profesional pode explicar en forma sinxela e entendible o por que dunha determinada acción ou restrición, dando a posibilidade de facer preguntas e de ampliar a información. Do mesmo modo que o profesional poderá decatarse de como afectan as súas accións ao resto do persoal e que debe esperar de cada un. Esta tamén é unha oportunidade para que aqueles máis habituados á elaboración de propostas escritas poidan axudar aos que teñen proxectos que facer mais non se atopan en condicións de lles dar o formato axeitado como para expoñelos e levalos a cabo. Esta posibilidade de interacción entre diferentes sectores adoita resultar enriquecedora para todos e moi beneficiosa para a área protexida. Encontros como estes deberían realizarse cunha periodicidade preestablecida e cun temario por tratar en cada reunión. Nestes casos a informalidade pódese converter nunha desorde en que as ideas se rematan diluíndo. Se ben estas reunións se dan en moitas áreas protexidas, para que realmente sexan efectivas deberíamos facernos preguntas como:

- Cando se impartiron directivas, explicouse o por que destas? Relacionáronse cos obxectivos do AP?
- Explicáronse todas as accións para realizar ou díxoselle ao persoal non técnico o que debía facer para logo seguir falando a soas cos técnicos e cos profesionais?
- Se se explicaron cuestións técnicas, realmente podemos afirmar que todos comprenderon o que se dixo?
- Todo o persoal tivo a oportunidade de se expresar? (Isto non é preguntar o paso “alguén ten algo que dicir?”)

Para que este tipo de encontros sexan efectivos unha persoa terá que oficiar de facilitador ou moderador. Pode ser un mesmo empregado do AP. Este encargárase, tamén os días previos á reunión, de visitar todos os sectores para tomar conta, nun medio máis informal e relaxado, das propostas e das inquietudes de sectores que, polo xeral, nas reunións se limitan a escoitar. E só se limitan a isto porque, habitualmente, os xefes, os técnicos e/ou os profesionais non os fan sentir que eles tamén poden participar en forma activa.

Comunicación *ex situ*

Esta comunicación é unha ponte que vincula a área protexida cos que viven na súa zona de influencia, xa sexa nun poboado próximo, lindante ou dentro do mesmo espazo, e que dunha forma ou doutra área protexida e os poboadores se ven afectados pola existencia do outro. Esta afectación pode darse de diferentes modos, xa sexa porque a vila vive do turismo que se desenvolve no AP ou consumen a auga dun curso que nace no AP, por exemplo. Todas as actividades de comunicación *ex situ* deben estar recollidas no plano ou programa de educación ambiental do espazo protexido. Para aquelas actividades que xorden fóra dunha planificación (comunicados de prensa, convite a eventos etc.) é recomendable ter un documento que estableza lineamentos para estas, de tal maneira que, a simple vista, calquera comunicado poida relacionarse rapidamente co AP.

Cando un fala de educación ambiental, o primeiro que nos vén á mente é unha persoa falando con nenos e nenas dunha escola. Isto está ben e é unha aposta de futuro, non obstante non podemos deixar de lado todos aqueles que viven nunha comunidade, que non son nenos e que afectan ou que se ven afectados polo AP hoxe. Non hai que esquecer que, en moitos casos, a constitución dun espazo protexido significa ordenamento e restricións

a actividades que o poboador local viña realizando de xeito tradicional, así como o fixeron os seus pais e avós. En ocasións o traballador do AP é visto como un intruso que está alí para prohibir todo, ao tempo que o poboador sente que se os recursos están é porque, a pesar das actividades tradicionais non se viron afectados, descoñecendo razóns máis complexas que levaron á creación do espazo protexido. Controlar as actividades dentro de área en cuestión e sancionar aos que atentan contra os recursos é só unha forma de atacar o problema. Mais quizais a comunicación é aínda a máis efectiva. Poder detectar e/ou deter unha acción impactante dentro do AP insume moitos máis esforzos administrativos e operativos que os necesarios para evitar que esta acción se poña en marcha. Dito noutras palabras: poder detectar un cazador dentro dunha área é máis custoso que evitar que ese cazador saia da súa casa coa arma ao ombro con intencións de cazar. Para seguir co exemplo podemos dicir que un cazador pode entrar furtivamente ao AP moitas veces durante a súa vida, mais se o concienciamos só unha vez evitamos o esforzo de ter que detectalo cada vez que saia de cazaría.

A comunicación *ex situ* no contexto formulado debe ir acompañada dunha presenza institucional, coa participación do persoal da área en eventos sociais como festividades rexionais ou feiras por exemplo. Sobre todo é moi importante a presenza dos axentes de conservación (garda-parques),

eles foron desde a creación dos primeiros parques nacionais do mundo a imaxe institucional con que se identifican as APs. Outra alternativa é a presenza en medios de comunicación participando cunha breve columna (radio, xornais etc.). O importante é cambiar a imaxe da institución que todo o prohibe, pola da institución amiga que está para que poidamos seguir gozando dos nosos recursos naturais e culturais á vez que garante a súa preservación e mellora a nosa calidade de vida.

Comunicación *in situ*

É a comunicación que se realiza dentro do AP coas persoas que a visitan no seu tempo libre co propósito de se recrear, de pasar un anaco agradable gozando das posibilidades de espaxamento que ofrece o lugar. A xente chega para gozar dun espazo protexido, mais non por iso as súas actividades serán menos impactantes que as que poida producir un poboador local. Que o turismo é unha “industria sen chemineas” todos o sabemos, mais que o turismo produce impactos negativos sobre o patrimonio é unha verdade a berros. Non obstante desde o AP necesitamos deses visitantes, porque precisamos transmitir-lles a importancia de conservar ese lugar, en definitiva tamén o estamos a preservar para eles. E faremolo buscando revelar o significado dese patrimonio que protexemos. E para esta complexa tarefa non só

debemos considerar o que desde a institución queremos transmitir senón tamén os intereses dos que nos visitan. Para poder unir estes intereses co significado do patrimonio existe unha disciplina que conta coas ferramentas axeitadas para este labor: a Interpretación do Patrimonio (IP). Segundo a define a Asociación para a Interpretación do Patrimonio, a IP é “a *“arte” de revelar in situ o significado do legado natural e cultural ao público que visita eses lugares no seu tempo de lecer*”.

Se ben existe bibliografía ao respecto, lamentablemente, moitas veces tomamos estes libros como libros de receitas de coñiña para despois aplicar “algo” de interpretación. Mais, como toda comunicación que parte dun AP, esta debe responder a un plano, para o caso: *planificación interpretativa*. Ao empregar este proceso podemos garantir que todas as accións de interpretación se axustan ás características dos que visitan a área, ao tempo que axudan ao cumprimento dos obxectivos institucionais, converténdose a IP nunha ferramenta para a xestión dos espazos protexidos. Cando non existe unha planificación dos medios interpretativos a efectividade da disciplina dilúese na falta de relación entre os medios utilizados, a ausencia dunha mensaxe corporativa clara e a desconexión cos intereses do público.

Ao planificar obtéñense múltiples beneficios:

1. A mensaxe e a imaxe institucional están presentes en todos os medios empregados (folletos, camiños, centros de visitantes etc.).
2. As mensaxes transmitiranse en forma máis efectiva por seren claras, amenas e relevantes para o ego do visitante.
3. Non se implementarán medios que non serán utilizados posteriormente, concentrando os esforzos cara ás necesidades do público.
4. Diminúe o custo de mantemento dos equipamentos, xa que a súa construción se desenvolverá baseándose nunha audiencia coñecida.
5. Os medios que empreguemos terán unha base sólida que fundamente a súa existencia.
6. Redúcense os riscos de sufrir accidentes xa que as actividades se axustarán ás características dos visitantes.

“Non contar cun programa de interpretación dentro dun parque é como convidar alguén á nosa casa, abrir a porta e logo desaparecer” (SHARPE, 1982).

Conclusión

A comunicación dentro e fóra dun espazo protexido non é unha actividade que poida deixarse librada ao chou. Como todo o que se pretenda facer perdurar no tempo, debe responder a un plano. Pode haber motivación, coñecemento e recursos,

mais a falta dun plano só xera confusión. Sen plano non hai sustento e é o camiño máis curto cara ao fracaso e a frustración. A través dos mecanismos axeitados de comunicación podemos lograr un maior entendemento das necesidades do outro e, a partir de aí, pretender ter éxito na xestión da área protexida.

Referencias bibliográficas

ASOCIACIÓN PARA LA INTERPRETACIÓN DEL PATRIMONIO:
<http://www.interpretaciondelpatrimonio.com>
SHARPE, Grant W. (Ed.) (1982): *Interpreting the Environment*. London: Wiley & Sons, Inc.



Guiné-Bissau 2006/07

© Brigida Rocha Brito